
UNHA PARELLA DIFERENTE

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de MARC TAEGER e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartonné. 23 x 29,8 cm. 32 páx. 15 €.

Unha parella diferente (galego)

ISBN 978-84-8464-289-3. Colección Daniela Kulot.

Una pareja diferente (castelán)

ISBN 978-84-8464-292-3. Libros para soñar. Colección Daniela Kulot.

Una parella diferent (catalán)

ISBN 978-84-8464-291-6. Llibres per a somniar.

Crocodilo e Girafa. Um par de namorados a sério (portugués)

ISBN 978-989-749-074-3. Livros para sonhar.

Un día en que non tiñan nada que facer,

Crocodilo díxolle a Xirafa:

–Imos dar unha volta?

–E onde imos? –preguntou Xirafa–,

a Vilacrocodilo ou a Aldeaxirafa?...

Crocodilo e Xirafa namoraron, construíron unha casa para os dous e emprenderon unha vida en común que, lamentablemente, deu coa incompreensión dos seus semellantes. Senllas visitas aos seus respectivos barrios deixáronlles unha desagradable impresión de como os demais valoraban a súa relación. Esta peculiar e entrañable parella padecía as miradas, burlas e murmurios dos seus conveciños, maiores e pequenos.

Con todo, sen importarlles as críticas alleas, non o pensaron dúas veces cando un repentino percance puxo en perigo unha familia. A altura de Xirafa e a habilidade de Crocodilo salvaron vidas, demostrando que a cooperación e a solidariedade son os alicerces da boa convivencia, por riba de calquera diferenza.

Ademais desta mensaxe, o relato tamén está cheo de humor, tanto nas ilustracións -que destacan polo seu colorido- como no texto, con simpáticos xiros lingüísticos: o “Auto Xiradilo” no que se desprazan Crocodilo e Xirafa é un bo exemplo desa fusión.

A serie complétase cos álbums “Crocodilo namorado”, “Unha casa a medida” e “Unha familia normal”.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



-
- **Temática:** o amor e a parella.
 - **Idade recomendada:** dende 5 anos.
 - **Aspectos destacables:** aceptación das diferenzas, tolerancia e convivencia; respecto aos demais, superación das dificultades, sentimentos; outros títulos da serie: “Crocodilo namorado”, “Unha casa a medida” e “Unha familia normal”.
-

Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

En 1988 iniciou os seus estudos de educación artística e alemán na Universidade de Augsburg, aos que seguiron outros cursos de deseño gráfico e de ilustración. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Completou a súa formación na Escola de Belas Artes de Munich. Foi visitando feiras internacionais de literatura infantil, como a de Boloña, ata que a súa primeira oportunidade chegou a través da editorial alemana Thienemann. En 1999 comezou a dar clases de debuxo na Escola Profesional de Augsburg. A súa obra visitou a Bienal Internacional de Bratislava (1997), o Museo de Günzburg (2001) e a Feira de Arte de Nagama en Xapón (2002), entre outras cidades.
<http://danielakulot.wordpress.com>

